1º ESO

Verbos do tipo *pedir* e do tipo *servir*

Os verbos que acaban en -**ir** e teñen e como última vogal do lexema, forman o **presente de indicativo** de dúas maneiras: uns como *pedir*, e outros como *servir*. Pero o **presente de subxuntivo** e o **imperativo** son iguais en todos os verbos.

Pedir			**Servir**		
Presente indicativo	**Presente subxuntivo**	**Imperativo**	**Presente indicativo**	**Presente subxuntivo**	**Imperativo**
pido pides pide pedimos pedides piden	pida pidas pida pidamos pidades pidan	pide pedide	sirvo **serves** **serve** servimos servides **serven**	sirva sirvas sirva sirvamos sirvades sirvan	sirve servide
Conxúganse como pedir: *divertir, espelir, espir, medir, reflectir, suxerir, vestir...* Conxúganse como servir: ***ferir, mentir, seguir, sentir e os seus derivados.*** Os outros tempos de todos estes verbos conxúganse como partir.					

Verbos do tipo *discutir* e do tipo *durmir*

Os verbos que acaban en -**ir** e que teñen **u** como última vogal do lexema, forman o **presente de indicativo** de dúas maneiras: uns como discutir, e outros como durmir. Pero o **presente de subxuntivo** e o **imperativo** son iguais en todos os verbos.

Discutir			Durmir		
Presente indicativo	**Presente subxuntivo**	**Imperativo**	**Presente indicativo**	**Presente subxuntivo**	**Imperativo**
discuto discutes discute discutimos discutides discuten	discuta discutas discuta discutamos discutades discutan	discute discutide	durmo **dormes** **dorme** durmimos durmides **dormen**	durma durmas durma durmamos durmades durman	durme durmide
Conxúganse como discutir: *afundir, confundir, presumir, resumir, reunir, unir...* Conxúganse como durmir**: *acudir, consumir, cubrir, fuxir, subir, sufrir, tusir, ulir...*** Os outros tempos de todos estes verbos conxúganse como partir.					

1. Escribe as seguintes formas verbais.

Presente de indicativo	
3ª p. sing. mentir 3ª p. pl. ferir 2ª p. sing. perseguir	2ª p. sing. fuxir 3ª p. sing. lucir 3ª p. sing. tusir
Presente de subxuntivo	
3ª p. pl. consentir	3ª p. sing. acudir

Presente de indicativo	
3ª p. sing. desmentir 2ª p. sing. sentir	3ª p. pl. sufrir 2ª p. sing. acudir
Imperativo	
2ª p. sing. seguir 2ª p. sing. servir	2ª p. sing. durmir 2ª p. sing. subir

2.- Completa co presente de indicativo (PI), presente de subxuntivo (PS) e imperativo (I).

- Celia *[PI seguir]* _____ pensando que te *[PI confundir]* _____.

Roi, por que non *[PI seguir]* _____ as súas indicacións? Non *[PS sufrir]* _____ nin *[PS presumir]* _____ cando che *[PI xurdir]* _____ unha dúbida, e *[I pedir]* _____ axuda. *[I asumir]* _____ que te equivocaches e non *[PS sacudir]* _____ máis a cabeza.

- Non *[PS fuxir]* _____ e atende, que che *[PI resumir]* _____ eu por onde tes que ir; porque ti só non o *[PI descubrir]* _____ en todo o día. *[I subir]* _____ por esa rúa ata que *[PS descubrir]* _____ un museo, e logo *[I seguir]* _____ todo recto.

3. Escribe en cada caso a forma que corresponda dos seguintes verbos acabados en -cer, -cir: a) 1ª p. singular, presente de subxuntivo de conducir.

b) 2ª persoa de singular do presente de subxuntivo de obedecer.

c) 1ª persoa de plural do pretérito de subxuntivo de conducir.

d) 3ª persoa de singular do pretérito de traducir.

e) 2ª persoa de plural do presente de subxuntivo de agradecer.

f) 1ª persoa de singular do presente de indicativo de reducir.

g) 2ª persoa de singular do pretérito de conducir.

4. Escribe agora as formas que se piden destes verbos acabados en -uír:

a) 2ª persoa de plural, copretérito de construír.

b) 1ª persoa de singular, presente subxuntivo de distribuír.

c) 2ª persoa de singular, imperativo de influír.

d) 1ª persoa de plural, copretérito de destruír.

e) 3ª persoa de singular, pretérito indicativo de excluír.

f) 1ª persoa de singular, presente indicativo de atribuír.

5. Verbos acabados en -aer, -oer, -aír, -oír.

a) Nestes verbos, en que formas aparece un i?

b) En que formas levan diérese (ï)?

6. Escribe as formas que se piden destes verbos acabados en -aer, -oer, -aír, -oír:

a) 1ª persoa de plural, copretérito de traer.

b) 1ª persoa de singular, presente subxuntivo de oír.

c) 2ª persoa de plural, copretérito de saír.

d) 1ª persoa de singular, presente indicativo de moer.

e) 3ª persoa de singular, presente subxuntivo de caer.

f) 1ª persoa de singular, presente indicativo de distraer

Le os seguintes textos e responde.

Texto 1

Que por que me despediron? Xa o contei ben veces, pero non me ha facer mal contalo unha vez máis, que así polo menos desafogo. Ademais non me despediron a min só, que Elías tamén tivo que deixar a empresa o mesmo día.

A causa do despido é desoladora: despedíronme por exceso de sensibilidade artística.

Que por iso non despiden a ninguén? Ai non! Poñen outras desculpas, pero a realidade é esa. Xa verá cando lle conte o meu caso. Elías e mais eu traballabamos en «O Neon Luminoso», unha empresa que se dedica á fabricación e instalación de rótulos luminosos para os comercios. Élle unha empresa pequena, que só eramos sete empregados, ademais do xefe.

Eu era o encargado do taller, e Elías o que se responsabilizaba da colocación dos rótulos na fachada dos comercios.

Onde empezaron as dificultades? Pois un día chegounos a encarga dun rótulo grande para un bar novo que ían abrir en Roupar de Abaixo. O dono quería que no rótulo puxese:

«Cafetería Kentucky»

en letras vermellas sobre un fondo con barras e estrelas da bandeira norteamericana. Como se estivésemos no salvaxe Oeste!

A min aquilo pareceume un atentado ecolóxico e decidín que non o podía deixar pasar

. Entón falei con Elías, e entre os dous arranxamos a cousa. Fixemos un rótulo anunciador que daba gloria velo. No rótulo vese agora o nome da cafetería

«A Frecha Verde»

en letras rosas sobre un fondo verde, no que aparece un bosque de bidueiros.

Dos mellores traballos que fixen, dígollo eu.

Que se protestou o do bar? Para iso estaba o Elías, que é capaz de lle vender a vostede un paraugas con furados. E vaia historia que lle inventou! Díxolle ao fulano que o de Kentucky estaba xa moi visto e que, en cambio, «A Frecha Verde» era unha novidade absoluta, que iso da frecha era un costume que tiñan as tribos indias.

O caso é que o home non só aceptou, senón que se entusiasmou coa idea e mesmo nos conseguiu outros clientes.

O Elías e mais eu, animados polo éxito, introducimos cambios que melloraban ben algunhas das encargas que tiñamos. Pero a cousa non podía durar moito e partiu precisamente coa encarga do rótulo para aquel ximnasio de Pontedeume.

Que lle conte o do ximnasio? Pois verá. Xa sabe vostede que agora están agromando os ximnasios coma se fosen fungos. Así que veu o tipo aquel de Pontedeume, falou co xefe e este pasoume a encarga: un rótulo con dúas palabras ben grandes, en vermello:

MUSCLE MAN

E a carón delas a figura dun deses que erguen pesas, cos músculos todos ben quitados para fóra. «Muscle Man»! En Pontedeume! Vostede cre que iso ten xeito? Así que chamei a Elías e elaboramos unha alternativa mellor.

Cambiamos aquela americanada por outra máis axeitada: «A FORZA DA RAZÓN». Repare en que as dúas veñen dicindo o mesmo, pero a nosa entendíaa todo o mundo.

Que de que me río? Pois do único gracioso do asunto, do pobre Elías. Porque alá foi o home co rótulo que fixemos no taller, a instalalo na fachada do ximnasio.

Chegou alí e, en canto o do ximnasio viu o rótulo e o Elías empezou a explicarlle as vantaxes do cambio, colleuno polos colares, ergueuno como metro e medio do chan (o Elías élle máis ben pequeno e o do ximnasio tiña un corpo que metía respecto) e deulle tal meneo que o Elías pensaba que ía ter que acabar comendo o rótulo.

Chegáronlle as protestas ao xefe e este chamounos ao despacho. Nin nos deixou falar, que non se lle ía da boca iso de que o cliente sempre ten a razón.

«Aínda que sexa parvo?», pregunteille eu. «Aínda que o sexa, que quen paga, manda», contestoume.

E aquela mesma mañá deixamos o noso emprego en «O Neon Luminoso».

Agustín Fernández Paz: Contos por palabras, Edicións Xerais (adapt)

Comprensión

1. Di se é verdadeiro ou falso. Demóstrao cunha oración do texto:

a) Despediron ao narrador e a Elías.

b) Botáronos por folgazáns.

c) Traballaban nunha multinacional.

d) O do bar quedou contento co rótulo.

e) O do ximnasio quedou contento co rótulo.

f) O ximnasio estaba en Pontevedra.

2. Explica por que di o narrador: «A min aquilo pareceume un atentado ecolóxico».

Léxico

3. Explica que significa o subliñado nestas oracións

: – ...despedíronme por exceso de sensibilidade artística.

– ...agora están agromando os ximnasios como se fosen fungos.

Personaxes

4. Escribe todos os datos que coñezas:

a) do narrador. b) de Elías.

Estrutura

5. Divide o texto en catro partes e asígnalles cada un destes títulos*:*
Despedíronnos! O caso do bar O caso do ximnasio O cabreo do xefe

Texto 2

Esta tarde, na escola, non estabamos para bromas, porque o director veu á clase para darnos

as notas. E non semellaba nada contento.

—Estou no ensino desde hai unha chea de anos —dixo—, e nunca vin un grupo tan malo.

Vou empezar a repartir as notas.

E Clotario botouse a chorar. Clotario é o último da clase e todos os meses, no seu boletín, a

mestra escribe montóns de cousas, e o pai e a nai déixano sen sobremesa e sen televisión.

No meu boletín anotara: «Alumno argalleiro, distráese a miúdo. Podería facelo mellor». No

de Eudes dicía: «Alumno indisciplinado. Agárrase cos seus compañeiros. Podería facelo mellor». Rufo tiña: «Segue a xogar na clase cun chifre, confiscado unha chea de veces. Podería

facelo mellor».

O único que non podería facelo mellor era Agnan. Agnan é o primeiro da clase, e o chichí

da mestra. O director leunos o boletín de Agnan: «Alumno aplicado, intelixente. Triunfará».

Díxonos que deberiamos seguir o exemplo de Agnan, que eramos uns lacazáns… Logo,

marchou.

Nós estabamos ben amolados, porque as notas teñen que asinalas os pais e iso non sempre

resulta divertido. Entón, cando o timbre tocou, ao remate da clase, en vez de correr todos

para a porta, de amorearnos e de empuxarnos, como adoitamos facer, saímos paseniño, sen

dicir nada.

Na rúa camiñabamos devagar, arrastrando os pés. O que parecía menos amolado era Eudes.

—Eu —presumiu— non teño medo. Meu pai non me di nada. Mírolle directamente para os

ollos e vai el e asina o boletín. E ale!

Ten chorra, Eudes. Cando chegamos á esquina, quedamos sós el e mais eu.

—Se tes medo de ir para a túa casa, é fácil —díxome—. Vés para a miña e quedas a durmir

comigo.

É un bo compañeiro, Eudes. Marchamos xuntos. Pero canto máis nos achegabamos á casa,

menos falaba Eudes. Cando nos atopamos diante da súa porta non daba nin chío. Entón

pregunteille:

—Que, entramos?

Eudes rañou a cabeza.

—Espérame un instantiño. Volverei a buscarte.

E Eudes entrou. Deixara a porta entreaberta. Oín unha labazada, logo unha voz forte que

dicía «Para a cama sen sobremesa, lacazán», e a Eudes que choraba.

Paréceme que Eudes non debeu mirarlle ben para os ollos ao pai.

O que era amolado era que, agora, eu tiña que ir para a miña casa.

Xa sabía o que me diría papá. Diríame que el sempre fora o primeiro da súa clase e que o

seu pai estaba moi orgulloso, diríame que eu non chegaría nunca a nada, que el se mataba a

traballar para darme unha boa educación…

Pensando en todo iso púxoseme un nó na gorxa e pensei que quizais era mellor marchar,

pero empezaba a anoitecer e a mamá non lle gusta que eu estea fóra cando é tarde. Entón

entrei.

No salón, papá falaba con mamá e non parecía contento.

—É incrible ver o que se gasta nesta casa! —berraba papá—. Nin que fose multimillonario!

Mira estas facturas! Esta factura do carniceiro!

Mamá tampouco estaba contenta e dicíalle a papá que el non tiña nin idea do cara que estaba a vida e que un día debería ir facer a compra con ela e que non estaba ben discutir esas

cousas diante do neno. Entón eu deille as notas a papá.

Papá abriu o boletín, asinou e devolveumo dicindo:

—O neno non ten nada que ver nisto.

—Vai xogar ao teu cuarto, Nicolás! —díxome mamá.

—Iso é, iso é —engadiu papá.

Subín ao meu cuarto, deiteime na cama e boteime a chorar. Claro, se meu pai e miña nai me

quixesen faríanme algo de caso!

Sempé/Goscinny: O Nicolasiño, ed. Alfaguara-Obradoiro (adapt.)

Comprensión

1. En tres boletíns de notas repítese unha oración; cal? De que rapaces son?

2. Nicolás está preocupado polas notas, pero seus pais non lle berran. Entón, por que se bota a chorar?

3. Velaquí o resumo das 20 primeiras liñas da lectura. Faino ti do resto:

O director foi á clase para repartir as notas; pero estaba descontento porque, salvo as dun alumno, eran moi malas. Os rapaces quedaron amolados, porque tiñan que asinalas os pais.

Léxico

4. Busca no dicionario o significado das seguintes palabras: *sobremesa, argalleiro, chifre.*

5. Substitúe cada palabra subliñada por un sinónimo:

– *Agárrase cos seus compañeiros.*

– É o chichí da mestra.

– Na rúa camiñabamos devagar.

– En vez de correr para a porta como adoitamos facer, saímos paseniño.

Espazo e tempo

6. Canto dura, máis ou menos, o desenvolvemento desta historia?

7. Cita, por orde, os lugares onde sucede a historia.

Personaxes

8. Son verdadeiras ou falsas estas afirmacións? Copia en cada caso unha oración que o confirme:

a) Rufo é o chichí da mestra.

b) Agnan pelexa cos compañeiros.

c) Nicolás é o protagonista da historia.

d) A Eudes bérranlle polas notas.

9. Quen narra esta historia? Cóntaa en 1ª ou en 3ª persoa?

• Cambia, nas dúas primeiras liñas, a persoa do narrador.

Opinión persoal

10. Explica como reaccionarías ti se foses o pai ou a nai dun deses alumnos.